

IES. “E. BLANCO AMOR”—OURENSE.

DEPARTAMENTO DE LATÍN.

1. Medidas establecidas para facilitar a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumnado fóra do ámbito escolar.

O Departamento de Latín preparou e puxo a disposición do alumnado, na páxina web do Centro, na Sección “Latín”, materiais para a materia “Latín-II” do curso 2º Bach. O profesor recibe as consultas do alumnado por medio de dous sistemas de comunicación: ESPAZO ABALAR e o propio correo electrónico do docente, reenviado polo Equipo Directivo do Centro. O profesor responde ás consultas do alumnado (e os documentos de resolución de tarefas elaborados polo alumnado) por eses dous procedementos, e mantén rexistro das comunicacións por parte do alumnado.

2. Sistema de comunicación co alumnado e as familias establecido polo centro.

O sistema de comunicación utilizado polo Departamento de Latín a este respecto é o sistema ESPAZO ABALAR.

3. Propostas de actividades elaboradas para que o alumnado continúe co seu proceso educativo nos seus domicilios.

2º Bacharelato. Os materiais postos a disposición do alumnado na páxina web do Centro son de dous tipos:

Temas de Literatura, e listado explicado de latinismos e aforismos latinos para que o alumnado os poida preparar en combinación co Libro de Texto que se usa en clase (Latín-II ANAYA);

Modelos de texto para análise e tradución, para que o alumnado o poida realizar nos seus domicilios, e despois poida comprobar a súa tarefa na solución que o profesor porá á súa disposición días despois na páxina web do Centro.

Luns, 23-Marzo-2020.

José Manuel Vélez Latorre

DEPTO. DE LATÍN—IES “E. Blanco Amor”.